

## INFORMACIÓN SOBRE AS ACTIVIDADES “CONCILIA PASCUAL 2024”

De cara á participación nas actividades de conciliación dirixidas á infancia e a mocidade do Concello de Brión no período de vacacións escolares de Pascua 2024, indícase a continuación dende o Departamento de Servizos Sociais, as características de ditas actividades así como do proceso de inscrición.

### CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DAS ACTIVIDADES

**ACTIVIDADE:** CONCILIA – PASCUAL 2024: actividades infantís de carácter lúdico.

**DATAS:** 25, 26 e 27 de marzo e 1 de abril

**HORARIO:** de \*8:00h a 15:00h \*(coa posibilidade de reducirse este horario por falta de demanda ou de ampliarse comezando ás 7:30h por razóns ineludibles de conciliación)

**Chegada:** de 7:30h ou 8:00h a 9:00h

**Actividades:** de 9:00h a 14:00h

**Recollida:** de 14:00h a 15:00h

**LUGAR:** Pabillón Polideportivo Municipal de Brión ou outra instalación municipal que se axeite ás necesidades

**Nº PRAZAS:** 45 máximo

**PREZO:** Gratuíto

**REQUISITOS OBRIGATORIOS PARA PARTICIPAR:** crianzas de entre 3 e 12 anos de idade, empadroadas no Concello de Brión e con autonomía persoal.

**PRIORIDADE PARA ESTABLECER A ORDE DE OCUPACIÓN DAS PRAZAS:**

*1º) Familias que certifiquen ter necesidade de conciliación por motivos laborais ou formativos*

*2º) Familias que certifiquen ter necesidade de conciliación por coidado de outras persoas ao cargo con grado III de dependencia recoñecido*

*3º) Familias que non certifiquen ter necesidade de conciliación (se chegado a esta categoría o número de solicitudes segue superando o nº de prazas vacantes terán preferencia á hora de establecerse a orde de entrada, as situacións recollidas no “Pan Corresponsables 2024” Resolución do 29 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, que se citan: “familias monoparentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos”*

*4º) Por orde de entrada das solicitudes (no caso de que unha vez admitidas todas as persoas pertencentes ás categorías anteriores, aínda quedasen prazas vacantes e solicitudes de inscrición por atender)*

## **PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN**

**PRAZO DE INSCRICIÓN:** Aberto **ata o luns 11 de marzo ás 14:00h**

### **VÍAS DE PRESENTACIÓN DA INSCRICIÓN:**

SEMPRE PREFERENTEMENTE POR VÍA TELEMÁTICAMENTE (co certificado dixital ou clave PIN con seguridade alta) na SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE BRIÓN (Entrar en <https://sede.concellodebrion.org/sxc/gl/index.html>, premer en "SERVIZOS SOCIAIS", premer en "SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN", premer en "INICIAR TRÁMITE", anexar a documentación correspondente)  
NO CASO DE NON PODER REALIZARSE POR VÍA TELEMÁTICA, deberá acudir á oficina de rexistro do Concello en horario de atención ao público de 9:00h a 14:00h

### **DOCUMENTACIÓN A APORTAR:**

#### **Documentación xeral obrigatoria:**

**Modelo de inscrición cuberto e asinado (ANEXO I) (colgado na web)**

**Libro de familia ou partida de nacemento da persoa participante**

**Tarxeta sanitaria da persoa participante**

**Informe médico \*(no caso de ser preciso)**

#### **Documentación específica para xustificar as seguintes situacións:**

1º) Para xustificar a necesidade de conciliar por motivos laborais ou formativos: (débase xustificar que existe esta necesidade por parte de toda/s as persoas responsables d@s menor/es a cargo: de nai/s, pai/s, titores legais)

**Certificado/s propio/s de empresa ou do centro formativo, ou ben, ANEXO II (colgado na web)**

2º) Para xustificar a necesidade de conciliar por coidado de outras persoas ao cargo cun grado recoñecido de dependencia Grao III- Gran dependencia

**Certificado de convivencia**

**Resolución de dependencia grao III**

3º) Cando non se xustifican as necesidade de conciliación anteriores, pero existe algunha destas situacións recollidas no "Plan Corresponsables 2024" da Secretaría Xeral de Igualdade:

Para familias monoparentais/monomarentais:

**Certificado de familia monoparental** expedido pola Xunta de Galicia

Para solicitantes coa condición de vítimas de violencia de xénero:

**Acreditación de dita condición mediante algunha das formas recollidas na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero**

Para mulleres en situación de desemprego de longa duración:

**"Informe de período interrompido inscrito en situación de desemprego"** expedido polo SEPE

Para mulleres solicitantes de + 45 anos:

**DNI da persoa solicitante**

**PUBLICACIÓN LISTAXE DE ADMISIÓN E AGARDA PROVISIONAL:** na páxina web do Concello de Brión e no taboleiro dixital, **a partir do xoves 14 de marzo**

**PUBLICACIÓN LISTAXE DE ADMISIÓN DEFINITIVO:** na páxina web do Concello de Brión e no taboleiro dixital, **a partir do luns 18 de marzo**



**Nº TLF. INFORMACIÓN PARA TRAMITES ADMINISTRATIVOS  
(inscricións, baixas, etc.): 981509910 (Bea)**

**Nº TLF. PARA COMUNICACIÓN DIRECTA CO MONITORADO  
(só durante o desenvolvemento das actividades):  
621127638**